

Repensando a relación entre o turismo e a cidade Cidadáns e turistas

Jordi Ficapal
Santiago de Compostela
29 de setembro de 2016

A narrativa tradicional sobre os beneficios do Turismo para os territorios e sociedades resulta cuestionable e semella insuficiente para xustificar o balance entre os impactos positivos e negativos da actividade turística en destinos concretos. O relato clásico peca con frecuencia de economicista e pouco rigoroso, en especial cando se centra no incremento de número de turistas ou do presunto PIB turístico; deixando a un lado temas clave como a distribución da riqueza xerada polo Turismo, os custos públicos asociados ou a calidade do emprego xerado, e obviando ao mesmo tempo cuestións sociais e medioambientais.

O propio sector tampouco desenvolveu nunca unha narrativa complementaria baseada nos beneficios sociais e culturais e, en definitiva, do desenvolvemento humano e sostible, nin se ten interesado polo punto de vista dos residentes e as súas organizacións representativas como principais stakeholders da actividade turística, tendo descoidado tamén a participación doutros stakeholders. Neste sentido a identificación destas outras fontes, non estritamente económicas, de valor público xerado polo Turismo e o desenvolvemento de métricas e indicadores adecuados para amosar o alcance real da creación de valor público do Turismo, debería converterse nunha prioridade para o sector.

Como consecuencia disto, é imprescindible definir un novo marco capaz de facer fronte á complexidade que significa hoxe en día a xestión do Turismo, para o que é necesario:

1. Articular bos sistemas de intelixencia turística que permitan tomar decisións baseadas en datos e información de calidade. Ademais, establecer indicadores de desenvolvemento humano e sostible para medir os impactos sociais e económicos e as cargas e beneficios do Turismo nos territorios e as comunidades.
2. Garantir a diversidade e a participación dos diferentes stakeholders do Turismo, tanto sociais como económicos, en cada destino a través do desenvolvemento de redes estables e reguladas de colaboración público-privada para a planificación, o seguimento e a avaliación das políticas públicas en Turismo.
3. Tomar as mellores decisións en termos de valor público xerado para cada comunidade e destino, achegando os procesos deliberativos das políticas turísticas ao cidadán residente. O Turismo consume o entorno físico e cultural dos residentes permanentes e, polo tanto, a toma de decisións estratéxicas arredor da actividade turística debe facerse en proximidade.
4. Incentivar ás empresas do Sector para que, na persecución do seu lexítimo beneficio empresarial, incorporen nas súas estratexias e prácticas os elementos de responsabilidade necesarios para contribuír ao desenvolvemento humano e sostible do destino no seu conxunto.

E por último, aínda que non menos relevante, neste marco de xestión en rede que propoñemos é imprescindible revisar as narrativas e estilos de liderado predominantes no sector. Unha nova xestión do Turismo require tamén dun novo liderado.